



BASES DO CONCURSO DE DISFRACES 2021

Co obxecto de promover e manter unha das festas tradicionais, dun xeito diferente por mor da pandemia que estamos a padecer, o Concello de Vilasantar organiza un Concurso de disfraces non presencial.

Será **online** debido á situación polo COVID.

Para fomentar a participación convócase este concurso de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA: para poder participar e optar aos premios é imprescindible cubrir a solicitude de inscrición e presentala no Concello ou enviala por correo electrónico a correo@vilasantar.com, antes do **12 de febreiro**

No momento da inscrición deberase indicar a modalidade e o lema para a identificación.

As persoas menores de idade deben achegar os datos dunha persoa maior de idade que exerza como representante legal.

SEGUNDA: Haberá dúas modalidades repartidas en individual e grupos:

1.- GRUPO: considéranse grupos o conxunto de varias persoas convivintes no mesmo domicilio. (é obrigatorio cumprir as medidas vixentes en cada momento da situación sanitaria impostas pola Consellería de Sanidade).

2.- INDIVIDUAL: nesta modalidade poderán participar persoas de todas as idades, adultos e/ou infantís.

TERCEIRA: os premios establecidos son:

GRUPO	150 EUROS
INDIVIDUAL	75 EUROS

CUARTA: A cualificación das distintas modalidades será determinada por un xurado.

QUINTA: O xurado valorará en cada unha das categorías os seguintes criterios e coa seguinte puntuación:

- Orixinalidade do vestiario: ata 3 puntos
- Emprego de materiais de refugallo ou feitos a man: ata 3 puntos
- Maquillaxe: ata 2 puntos



- Simpatía: ata 2 puntos

SEXTA: Os grupos e persoas participantes deberán, previa inscrición feita de acordo coa base primeira, enviar as fotos ou vídeos ao correo electrónico correo@vilasantar.com, antes do día **12 de febreiro**. Posteriormente esos arquivos publicaranse na páxina web do concello de Vilasantar.

SETIMA: Para poder participar no concurso hai que estar empadroado no Concello de Vilasantar, xa que esta é unha actividade dirixida principalmente aos veciños e veciñas de Vilasantar, co fin de fomentar a súa participación nos eventos organizados polo Concello.

OITAVA: A participación no concurso supón a aceptación destas bases, sendo a decisión do xurado inapelable, podendo declarar desertos aqueles premios, en calquera das modalidades, que non cumpran cos requisitos mínimos de calidade.

Vilasantar, 27 de xaneiro de 2021

O alcalde
Fernando Pérez Fernández

